

INSTRUCCIÓN POLA QUE SE REGULA O PAGAMENTO DOS CURSOS, CONFERENCIAS, RELATORIOS, SEMINARIOS, OBRADOIROS E ACTIVIDADES ORIENTADAS Á FORMACIÓN DO CENTRO UNIVERSITARIO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA (CUFIE)

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) ten, entre as súas funcións, a formación do profesorado tanto da Universidade da Coruña (en adiante, UDC) como dos diversos niveis educativos no ámbito formal e non formal; a formación transversal do estudiantado da UDC; o asesoramento e orientación educativa a docentes, centros, institucións e persoas; o apoio á innovación educativa nas súas diversas facetas e dende as distintas especialidades e disciplinas; a potenciación e difusión de experiencias, traballos e materiais de interese pedagóxico; a información e sensibilización de toda a comunidade universitaria acerca da situación e vivencias das persoas con discapacidade, necesidades específicas de apoio educativo, diversidade sexual e de xénero; e a elaboración de proxectos de adaptación, orientación e inserción laboral para as persoas pertencentes a estes colectivos.

Para desenvolver as súas funcións, o CUFIE organiza actividades formativas que poden ser impartidas por persoal propio ou alleo á UDC.

A tramitación do pagamento ás persoas que imparten docencia nos cursos, conferencias, relatorios, seminarios, obradoiros e actividades orientadas á formación no CUFIE está regulado por instrución da xerencia para tramitar os expedientes de gasto derivados da súa realización. A instrución que está actualmente en vigor foi publicada no Taboleiro electrónico oficial (TEO) o 24 de marzo de 2022.

Para os efectos do pagamento establécense os seguintes importes brutos polas actividades formativas organizadas directamente polo CUFIE:

por **conferencias e relatorios** **130,00 €/hora**
por **cursos e obradoiros** de formación de alumnado e profesorado universitario **85,00 €/hora de docencia**
(inclúe creación de contidos e dinamización)

Código Seguro De Verificación	uxznpnL9rQHf6udmLBFxpg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	05/09/2023 14:43:19
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uxznpnL9rQHf6udmLBFxpg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



por dinamización/titorización de módulos/actividades de formación:

<i>Horas do módulo/actividade</i>	<i>Número de persoas titorizadas</i>		
	Ata 50	Ata 100	Máis de 100
Ata 30 h	10 €/persoa	15 €/persoa	20 €/persoa
Ata 50 h	15 €/persoa	20 €/persoa	25 €/persoa
Ata 100 h	20 €/persoa	25 €/persoa	30 €/persoa
Máis de 100 h	25 €/persoa	30 €/persoa	35 €/persoa

por creación de contidos para autoformación..... **50,00 €/hora**

Asemade, e sempre que exista dispoñibilidade económica e o permita a normativa vixente, dende o CUFIE asumiranse os custos de aloxamento (só para persoal alleo), de manutención e de desprazamento para as persoas que impartan as actividades formativas presenciais.

Ás persoas que actúen como formadoras ou titoras nas actividades aplicaráselles a retención que corresponda en concepto de IRPF.

Disposición derogatoria

Esta instrución substitúe e derroga a Instrución, da Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, pola que se regula a tramitación e pagamento dos cursos de formación realizados no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa de data 16 de abril de 2010.

Disposición derradeira

Esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación. Os expedientes xa iniciados na data da súa publicación continuarán a se tramitar de acordo co que se establece na instrución do 16 de abril de 2010.

Na data da sinatura dixital

Nancy Josefina Vázquez Veiga

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Código Seguro De Verificación	uxznpnL9rQHf6udmLBFxpg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	05/09/2023 14:43:19
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uxznpnL9rQHf6udmLBFxpg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

